

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL FICHEIROS DE PROTECCIÓN DE DATOS**

En sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 26 de xaneiro de 2017 acordouse a aprobación inicial dos **FICHEIROS DE PROTECCIÓN DE DATOS**.

O procedemento sométese ao trámite de información pública por un prazo de trinta días hábiles dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro do Regulamento no **BOP**, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.-

Foz a, 30 de xaneiro de 2017.- **O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**

R. 0327

**FRIOL***Anuncio*

Unha vez aprobado o Proxecto de "Aforro e eficiencia enerxética no alumeadado público de Avenida de Lugo e Avenida de Begonte en Friol", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Nicanor Piñeiro Sampedro, sométese ao trámite de información pública polo prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exáme e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderanse definitivamente aprobado.

Friol a 27 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez

R. 0328

**O PÁRAMO***Anuncio*

Aprobado por Decreto de 20/12/2016 o padrón polo servicio de axuda a domicilio do mes de decembro de 2016 por medio do presente expone ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía de constrinxemento.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

En O Páramo a, 26 de xaneiro de 2017.- 1ª Tte. De Alcalde (Decreto 23/05/2016), Begoña González López

R. 0329

**LÁNCARA***Anuncio*

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente o regulamento de matrimonios civís autorización e celebración de matrimonios civís no Concello de Láncara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo

de 26/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“REGULAMENTO DE AUTORIZACION E CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO CONCELLO DE LÁNCARA  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Instrución de 10 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre lugar de celebración de matrimonios civís polos alcaldes modifica a de 26 de xaneiro de 1995 que establecía na súa directriz segunda que o alcalde, á vista da relación dos datos relativos ós contraentes remitidos polo órgano rexistral que instruíu o expediente previo, “fixará día e hora para a cerimonia, a cal deberá celebrarse no local do Concello debidamente habilitado para este fin”.

Pero a Instrución de 10 de xaneiro de 2013 establece que as circunstancias sociais cambiaron dende 1995, e dado que as esixencias legais no exclúen a posibilidade de que os matrimonios civís autorizados por alcaldes e concelleiros teñan lugar noutros locais distintos dos que foran previamente habilitados, parece conveniente ó abeiro da liberdade permitida pola nosa lexislación non manter as ditas limitacións. Segue dicindo que o esencial é que o Concello, a través dos órganos competentes, de acordo co determinado pola lexislación de réxime local, se asegure de que os locais onde vaia a autorizar o matrimonio reúnan as condicións adecuadas de decoro e funcionalidade, en atención ás circunstancias de cada municipio, de forma que resulten aptos a fin de permitir celebrar os matrimonios que deban ser autorizados polos respectivos alcaldes ou concelleiros.

O aumento de celebración de matrimonios civís nos últimos anos, obríganos a regular determinados aspectos, toda vez que a maioría dos contraentes non son veciños do Concello de Lánacara establecendo, en consecuencia, algunhas especialidades para o caso dos veciños do noso municipio.

Artigo 1º.-

O presente regulamento ten por obxecto a regulación da autorización e celebración de matrimonios civís no termo municipal do Concello de Lánacara polo alcalde ou, no seu caso, polo concelleiro en quen delegue, nos termos establecidos no Código Civil e demais disposicións vixentes.

Artigo 2º.-

Poderá autorizar o matrimonio civil, previa recepción da documentación que debe remitir o órgano rexistral que instruíu o expediente, o alcalde ou concelleiro en quen delegue nos termos establecidos pola delegación do alcalde.

Artigo 3º.-

As solicitudes de celebración de matrimonio civil dirixidas ó señor alcalde, presentaranse no Concello de Lánacara en calquera das formas permitidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 4º.-

As solicitudes que se formulen deberán conter:

- a) Nome, apelidos, domicilio e identificación do interesado, e no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale a efectos de notificación.
- b) Nome, apelidos e identificación de dous testemuñas maiores de idade.
- c) Indicar na solicitude o ano, día e hora da celebración do matrimonio civil.
- d) Sinatura, lugar e data da solicitude.

Artigo 5º.-

Os matrimonios civís celebraranse no salón de sesións do Concello de Lánacara. Só poderá celebrarse o matrimonio fora das dependencias municipais, dentro do termo municipal, cando a lo menos un dos contraentes sexa veciño do municipio de Lánacara cun ano de antigüidade no empadramento.

Artigo 6º.-

Os matrimonios celebraranse de luns a sábado. En días festivos só se celebrarán matrimonios civís cando a lo menos un dos contraentes sexa veciño do municipio de Lánacara cun ano de antigüidade no empadramento.

Artigo 7º.-

O horario para a celebración dos matrimonios civís será de 12 a 20 horas. Para autorizar a celebración en horario distinto a lo menos un dos contraentes sexa veciño do municipio de Lánacara cun ano de antigüidade no empadramento.

Artigo 8º.-

Unha copia das actas que se estendan quedará en poder do Concello, que posteriormente procederá a súa encadernación e custodia nos arquivos municipais e outra copia será remitida ó órgano rexistral competente.

## Artigo 9º.-

O salón de sesións estará adecuado para a solemnidade do acto. No obstante, cando desexen os contraentes decoralo ou acondicionalo de forma especial, poderán facelo sempre que soporten os gastos.

## Artigo 10º.-

Poderán realizarse fotografías e gravacións tanto durante o desenvolvemento do acto e con anterioridade e posterioridade á súa celebración.

## DISPOSICION FINAL.

Este regulamento entrará en vigor, conforme ó establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, logo da íntegra publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da citada Lei”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 31 de xaneiro de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 0330

## O VALADOURO

## Anuncio

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2017.**

Aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de O Valadouro na súa sesión extraordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2016 o Orzamento Xeral do Concello para o 2017, e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, plantilla e cadro de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos, así como a plantilla de persoal e as indemnizacións por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas:

**A) RESUMO POR CAPÍTULOS DOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO DE 2017.****ESTADO DE GASTOS.**

Capítulo	Denominación	Orzamento 2017	
		EUROS	%
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>2.393.906,56</b>	<b>99,708</b>
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>1.737.256,45</b>	<b>72,358</b>
1	Gastos do Persoal	687.394,95 €	28,631
2	Gastos correntes en bens e servizos	995.663,35 €	41,470
3	Gastos financeiros	1.100,00 €	0,046
4	Transferencias correntes	48.315,00 €	2,012
5	Fondo de Contingencia y otros imprevistos	4.783,15 €	0,199
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>656.650,11</b>	<b>27,35</b>
6	Investimentos reais	533.150,11	22,206
7	Transferencias de capital	123.500,00	5,144
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>7.000,00 €</b>	<b>0,292</b>
8	Activos financeiros	7.000,00 €	0,292
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.400.906,56</b>	<b>100,00</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítulo	Denominación	Orzamento 2017	
		EUROS	%
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>2.482.833,20</b>	<b>100</b>
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>1.946.667,64</b>	<b>78,405</b>
1	Impostos directos	703.153,73	28,321